

Obxectivos:

No proceso de construción da Unión Europea asistimos a un avance na integración monetaria, non así noutros ámbitos tales como o da institucionalización política e a harmonización fiscal. O que no seu día se chamou “método Monnet” de construción do proceso de integración europea parece esgotado, pois a técnica funcionalista baseada na idea de que os pequenos pasos na integración dos mercados levaría consigo a integración institucional e política, non funcionou como se esperaba.

As tensións e desequilibrios que os distintos países europeos viviron como consecuencia da última recesión económica, pon en evidencia que só a política monetaria non pode corrixir os *shocks* idiosincráticos dos países membros. A falta de integración fiscal produce desequilibrios cando temos unha soa moeda e dezaioito políticas fiscais diferentes, o que exacerba o risco de contaxio de tensións que se poidan producir nos mercados de débeda e, con iso, a supervivencia da propia moeda única.

Esta xornada pretende poñer o foco no debate aberto sobre estes aspectos.

Destinatarios:

Empregados das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica coma local e de xustiza, das universidades do Sistema universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, xuristas, profesionais e interesados en xeral.

Convocatoria:

DOG núm. 68, do 13 de abril de 2015.

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Tel.: 981 546 239 - 981 546 241

novas.egap@xunta.es / <http://egap.xunta.es>



galicia

EGAP

ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

XORNADA HARMONIZACIÓN FISCAL

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2015



PROGRAMA

Martes, 28 de abril

Mañá

9.30 h. Inauguración.

09.45-10.45 h. **A harmonización fiscal europea.**

Luis Caramés Viéitez. Catedrático de Facenda Pública, USC.

11.00-12.00 h. **A harmonización fiscal na UE. O estado da Cuestión.**

Valentí Pich Rosell. Presidente do Consello Xeral de Colexios de Economistas de España.

12.15-12.45 h. Pausa.

12.45-13.45 h. **É posible continuar coa UE sen unha verdadeira unión política?**

Andrés Faíña Medín. Catedrático de Fundamentos da Análise Económica, UDC. Catedrático Jean Monnet de Economía Industrial Europea.

Tarde

16.30-17.30 h. **Máis alá da Unión Monetaria: a harmonización orzamentaria, fiscal e económica.**

Antonio López Díaz. Catedrático de Dereito Financeiro e Tributario, USC.

17.30-18.30 h. **A fraude fiscal na Unión Europea.**
Miguel A. Vázquez Taín. Profesor titular de Facenda Pública, USC. Presidente do Consello Galego de Colexios de Economistas.

18.30 h. **Conclusións.**
María Cadaval Sampedro. Profesora de Facenda Pública, USC.



Dirección académica:
Luis Caramés Viéitez, catedrático de Facenda Pública, USC.

NOTA: Por motivos alleos á EGAP este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola.